

PARLAMENTO XOVE

O pasado fin de semana, tivo lugar no recinto da Universidade Laboral en Culleredo a fase clasificadora do programa Parlamento Xove, que enfrontaba a 24 equipos galegos de 3º e 4º da ESO.

O IES Plurilingüe Pedra da Aguia de Camariñas acudiu á cita por primeira vez cun equipo formado por 4 alumnos de 3º da ESO: Mónica e Gabriel como oradores e Sol e Fran como investigadores. Todos eles coordinados polo seu profesor de Xeografía, Jacobo Santos.

O tema do debate, que xa se sabía dende decembro, era: “Determina o profesor o futuro dos mozos?”

Cada equipo tivo que debater con outros tres, que foran sorteados o día anterior, por un período de 32 minutos, repartidos en 5 minutos de exposición inicial, dúas refutacións de 4 minutos e unha conclusión de 3 minutos. A postura a favor ou en contra determinábase pouco antes de empezar cada debate.

O sorteo deparounos ser o número 13, debater en primeiro lugar e que, ademais, as tres veces nos tocara defender a postura en contra.

Os rapaces, inexpertos nestas lides, souberon sacar o mellor deles e empregáronse a fondo e sen complexos. O xurado resaltou a boa elocuencia dos discursos (nos que nunca leron os argumentos que tiñan), a apropiada xesticulación e a estruturación do tema.

O comezo non foi como se esperaba e perdemos por pouco contra o IES Chamoso Lamas de Carballiño (315 a 295). Na segunda rolda, sen embargo, gañamos folgadamente ao IES Lama das Quendas de Chantada (330-215). No debate final, o contrincante foi un clásico destes torneos, o Liceo La Paz de A Coruña. Iso non amedrentou aos nosos rapaces, que venceron comodamente por 265 a 205. Polo tanto, dúas vitorias e tan só unha derrota, que non serviron para acadar a fase final, xa que só pasaban os 8 mellores e nós quedamos no posto 11.

Seis equipos obtiveron pleno de vitorias, sendo o gañador absoluto A Sagrada Familia de Vilagarcía seguido dos Maristas de Lugo. Todos eles amosaron un altísimo nivel competitivo. Tamén o resto, polo que as dúas prazas de finalista tiveron que completarse recorrendo ao art. 6.3 do regulamento do torneo, referido ao desempate.

E neste punto foi onde xurdiu a polémica e polo que estamos a impugnar o torneo, xa que a Dirección Técnica non accedeu a rectificar o sistema de puntuación. E dita impugnación non foi porque nos favorecera na clasificación

(onde unicamente adiantaríamos un posto), senón porque resultou inxusto para o equipo que quedou fóra da final.

No medio do torneo, cando xa algúns dos equipos estabamos a piques de rematar a nosa participación, comunicouse aos coordinadores que, nunha reunión feita sen avisar e tan só cunha parte dos coordinadores, se decidira cambiar o sistema de valoración das puntuacións.

A Dirección Técnica do Parlamento Xove, nunha nota enviada este luns pola mañá a todos os equipos, xustificou a decisión baseándose nunha interpretación do “ambiguo” apartado 2 do artigo 6.3 do regulamento, que fala de “diferenza de puntuación favorable”.

O argumento sería válido se non fora porque o venres pola tarde a organización clarificou en que consistía ese apartado: a suma das diferenzas obtidas en cada debate. Ao día seguinte, a instancia de varios equipos de moi bo nivel que tiveran a mala sorte de enfrontarse entre eles obtendo moi boa puntuación, cambiouse o criterio, sendo a partir de media tarde o maior número de puntos o que decidiría en caso de desempate.

Cando se participa en calquera torneo, acéptanse as bases e o regulamento do mesmo. Pódese estar a favor ou en contra do xusto ou non dos criterios do desempate. Sen embargo, o que non se pode facer é cambiar o regulamento unha vez iniciado o debate, facelo sen avisar a todos os coordinadores, e simplemente avisar dunha decisión tomada por uns poucos.

Non pretendemos restar protagonismo aos verdadeiros heroes do torneo, rapaces e rapazas de segundo ciclo da ESO que traballaron duro e superaron seus medos para saír á palestra e defender en público as súas posturas sobre un tema determinado.

Porén, indígnanos a pouca seriedade dos organizadores e as escusas baratas que intentan vendernos para tapar os seus erros.